

Solucionario

Nome da actividade e Fase

2.1 Narrativa

Opción 1

Escoita e completa coa palabra correcta

Qué tipo de palabras son?

Solución : Determinantes

Esta historia está relacionada coa construción, por parte do arquitecto barroco Simón Rodríguez, da súa obra máis emblemática, a fachada-telón de Santa Clara, en Compostela, falsa fachada que non o é de ningunha igrexa. Cántase que lle dixeron ao arquitecto, en sé tabernaria, que aquela parede, tan alta, tan pesada, con tal mundo de adornos de pedra, se ía derrubar. Vai ser causa de desgraza, insistían.

Opción 2

Que tipo de palabras son as que aparecen subliñadas no seguinte texto?

El apostou unhas cuncas: a fachada non vai caer, que aínda pode soste un bocoi de viño de pedra maciza. E acordou colocar o cilindro. Até hoxe, a fachada, sen dúbida a máis ousada e moderna do barroco compostelán, velaí a temos, desde o mil setecentos dezanove coroada co seu cilindro de pedra ou bocoi de viño.

Solución : Determinantes

Opción 3

No texto anterior aparecen unha serie de determinantes poderías dicir se son os seguintes?

Solución : Esta, unhas, o, a, aquela, seu, ningunha, un...

Cales son os tipos de determinantes?

Solución : Artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos.



“Título do documento”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)